

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3562 *Lei orgánica 3/2019, do 12 de marzo, de reforma do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana en materia de participación da Xeneralidade Valenciana nas decisións sobre investimento do Estado na Comunidade Valenciana.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

Durante os seus máis de catro anos de vixencia, a reforma operada no Estatuto de autonomía a través da Lei orgánica 1/2006, do 10 de abril, supuxo un salto cualitativo moi importante para as lexítimas aspiracións da Comunidade Valenciana á hora de acadar o máximo nivel competencial, sempre desde o respecto cara ás competencias do Estado e sen cuestionar nin poñer en risco a preservación dun modelo autonómico baseado na igualdade e na solidariedade interterritoriais.

Toda a tramitación da citada reforma estivo presidida pola busca do consenso entre as forzas políticas maioritarias, tanto nas Cortes como despois nas Cortes Xerais, e actuouse cunha lealdade institucional que tempo despois foi recoñecida e loada por aqueles que interviñeron activamente no proceso e por aqueles que, sen o teren feito, estudaron e analizaron aquelas negociacións e os seus resultados. A Comunidade Valenciana tratou, unicamente, de reflectir na norma institucional básica do pobo valenciano todo aquilo que contribuíse a preservar e reforzar a súa identidade mentres, ao mesmo tempo, se fortalecían os vínculos co Estado e se avogaba por un sistema multilateral de relacións en que todas as comunidades autónomas recibisen idéntico trato e a mesma consideración.

Deste xeito, a Comunidade Valenciana acometeu un proceso de reforma ao cal, durante 2006 e 2007, se sumaron outras cinco comunidades autónomas –Andalucía, Aragón, Cataluña, Castilla y León e Illes Balears–, e que se está prolongando no tempo coa adopción de novas iniciativas de reforma estatutaria –Navarra– a través da Lei orgánica 7/2010, do 27 de outubro, ata o momento.

Ben que foron seis as reformas estatutarias que naceron en apenas dous anos, non todas esas modificacións estiveron presididas polos mesmos principios aos cales se aludiu con anterioridade ao facer referencia ao caso valenciano.

Ese distinto modo de afrontar e levar a cabo unha reforma estatutaria tivo un inmediato reflexo na xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Nas súas sentenzas 247/2007, do 12 de decembro, e 249/2007, do 13 de decembro, o máximo intérprete da Constitución xulgou a adecuación á norma suprema do artigo 17.1 do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana, na redacción dada pola Lei orgánica 1/2006, do 10 de abril, e considerou que o precepto aludido era perfectamente compatible coa Constitución, sen que del puider derivar, por tanto, ningunha infracción do bloque da constitucionalidade nin da orde de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas.

A aprobación e entrada en vigor da Lei orgánica 6/2006, do 19 de xullo, de reforma do Estatuto de autonomía de Cataluña, provocaron a inmediata interposición de ata sete recursos de inconstitucionalidade contra un gran número de preceptos da nova norma institucional básica catalá, recursos que, tras prolongados debates e unha procelosa

tramitación, deron pé, durante a segunda metade de 2010, a que o Tribunal Constitucional emitise distintas sentenzas nas cales declarou nulos varios artigos e incisos estatutarios e acudiu á técnica da interpretación conforme para salvar a constitucionalidade doutros moitos preceptos.

Coas súas sentenzas 31/2010, do 28 de xuño, 46/2010 e 47/2010, do 8 de setembro; 48/2010, do 9 de setembro, e 49/2010, do 29 de setembro, o Tribunal Constitucional resolveu algúns dos recursos de inconstitucionalidade interpostos contra o Estatuto de autonomía de Cataluña e lexitimou, mediante a aplicación reiterada da aludida técnica da interpretación conforme, moitos deses controvertidos contidos, permitindo así que, en desenvolvemento desas previsións estatutarias, os lexisladores estatal e autonómico poidan crear todo un novo marco normativo que consolide esa situación sobre a base da regulación establecida polo estatuto reformado.

Ante esta realidade, na cal desde logo non era posible pensar en 2006, a Comunidade Valenciana non pode permanecer impasible porque, certamente, non pretende estar por riba de ningún outro territorio dentro de España, pero tampouco vai consentir que as súas lexítimas aspiracións se vexan truncadas pola consolidación dun modelo asimétrico en que unhas comunidades autónomas poidan, en detrimento doutras, acceder a máis competencias, a máis financiamento, a máis investimentos ou a máis infraestruturas.

E no referido ao volume de investimentos do Estado en cada territorio, que é un elemento esencial para garantir o desenvolvemento dunhas políticas capaces de atender as necesidades da cidadanía en materia de educación, sanidade, servizos sociais e infraestruturas, esas diverxencias entre estatutos de autonomía son especialmente significativas. Tanto no caso de Andalucía coma no de Cataluña, as súas novas normas institucionais básicas incluíron unhas disposicións adicionais para garantir un volume permanente e estable de investimentos estatais nos seus respectivos territorios. Para Cataluña, o investimento do Estado en infraestruturas, excluído o Fondo de Compensación Interterritorial, equipararase á participación relativa do produto interior bruto desa comunidade autónoma con relación ao produto interior bruto do Estado para un período de sete anos; en cambio, no suposto de Andalucía o investimento estatal será equivalente ao peso da poboación desa comunidade autónoma sobre o conxunto do Estado, tamén para un período de sete anos.

Desde a Comunidade Valenciana non se quixo, no seu momento, incluír dentro do novo Estatuto de autonomía cláusulas ou previsións que puideren condicionar indebidamente o Estado no exercicio das súas competencias e que, por isto mesmo, puideren ser dubidosamente compatibles coa Constitución. Pero no fundamento xurídico 138 da súa Sentenza 31/2010, do 28 de xuño, o Tribunal Constitucional estableceu, ao xulgar a disposición adicional terceira do Estatuto de autonomía de Cataluña, que un inciso como o antes indicado non vincula as Cortes Xerais no exercicio das súas funcións de exame, emenda e aprobación dos orzamentos xerais do Estado, pois os compromisos financeiros formalizados nos estatutos de autonomía non constitúen un recurso que o Estado deba consignar obrigatoriamente nos orzamentos xerais de cada exercicio económico.

Segundo o Alto Tribunal, é o propio Estado o que, atendendo a todas as variables concorrentes en cada caso, debe decidir se procede dotar, e en que contía, as asignacións correspondentes. En consecuencia, a teor da decisión adoptada polo máximo intérprete da norma suprema, a disposición adicional terceira do Estatuto catalán, interpretada no sentido de que non vincula o Estado na definición da súa política de investimentos nin menoscaba a plena liberdade das Cortes Xerais para decidir sobre a existencia e a contía dos ditos investimentos, non é contraria á Constitución.

Como o pobo valenciano aspira lexitimamente a recibir do Estado o mesmo trato que o pobo catalán ou o andaluz, esta reforma do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana vai encamiñada a facer visibles as consecuencias económicas do recoñecemento dunha poboación que acada xa os cinco millóns de habitantes e que, polo tanto, necesita un volume de investimentos apto para satisfacer as necesidades derivadas

do importante crecemento demográfico acaecido durante os últimos anos. Non se fai senón reivindicar para a Comunidade Valenciana o que o Tribunal Constitucional dixo que é lexítimo para outras comunidades autónomas, máis aínda nun caso como o valenciano, no cal se arrastra un importante déficit de investimentos por mor do efectivo, pero non recoñecido, incremento da poboación.

Por todo iso, o novo ordinal cuarto do artigo 52 do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana prevé que a Xeneralidade participará nas decisións sobre o investimento do Estado na Comunidade Valenciana o cal, excluído o Fondo de Compensación Interterritorial, será equivalente, para dar cumprimento ao disposto no artigo 138 da Constitución, ao peso da poboación da Comunidade Valenciana sobre o conxunto do Estado por un período de sete anos. Con esta finalidade, constituirase unha comisión integrada polas administracións estatal, autonómica e local que será a encargada de velar polo cumprimento dese criterio distributivo. O artigo 147.3 da Constitución española establece que a reforma dos estatutos de autonomía se axustará ao procedemento establecido neles e requirirá, en todo caso, a aprobación polas Cortes Xerais, mediante lei orgánica. Pronúnciase no mesmo sentido o artigo 145 do Regulamento do Congreso dos Deputados. En liña co indicado polo precepto constitucional, o título X do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana, integrado unicamente polo seu artigo 81, determina o procedemento que cómpre seguir para levar a cabo unha reforma estatutaria e atribúelles a iniciativa ao Consello, a unha terceira parte dos membros das Cortes, a dous grupos parlamentarios e ás Cortes Xerais. En relación co dito precepto, os artigos 129 e 170 do Regulamento das Cortes regulan como se debe tramitar a iniciativa de reforma, e a alínea a) do artigo 18 da Lei do Consello asígnalle a este, entre outras funcións de carácter normativo, a de propoñer ás Cortes a reforma do Estatuto de autonomía. Finalmente, o artigo 10.1 da Lei 10/1994, do 19 de decembro, da Xeneralidade, de creación do Consello Xurídico Consultivo da Comunidade Valenciana, indica que a dita institución debe ditaminar, con carácter preceptivo, «os anteproxectos de reforma do Estatuto de autonomía».

Artigo único. *Reforma do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana para ampliación competencial en materia de participación da Xeneralidade Valenciana nas decisións sobre investimento do Estado na Comunidade Valenciana.*

Engádesse un novo número 4 ao artigo 52, integrado no título IV («As competencias») do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana, do seguinte teor:

«4. A Xeneralidade participará nas decisións sobre o investimento do Estado na Comunidade Valenciana, o cal, excluído o Fondo de Compensación Interterritorial, será equivalente, para dar cumprimento ao disposto no artigo 138 da Constitución, ao peso da poboación da Comunidade Valenciana sobre o conxunto do Estado por un período de sete anos. Con esta finalidade, constituirase unha comisión integrada polas administracións estatal, autonómica e local.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Esta reforma apróbase ao abeiro do previsto no artigo 147.3 da Constitución española e no artigo 81 do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 12 de marzo de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN